

ANEXO I.-

CONVOCATORIA PÚBLICA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCÍONS ÁS OBRAS DE REHABILITACIÓN PARA OS SUPOSTOS ESTABLECIDOS NO ARTIGO 93 DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES - REFERENCIA 302017001.-

1.- Beneficiarios e solicitantes.

Poderán resultar beneficiarias e solicitantes das axudas as entidades e persoas conforme ao disposto nos artigos 90 e 91 da Ordenanza Municipal de Conservación e Rehabilitación de Inmobles.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas que estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeneral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou quen se lle revogase algunha das axudas por causas imputables á persoa solicitante.

As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pago das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de propietarios/as e agrupacións destas comunidades, esta regra resultará igualmente de aplicación con independencia de que, tanto o importe da mesma, como o custo das obras, deba repercutirse nos/as propietarios/as de vivendas e locais, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

2.- Obxecto.

A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto conceder subvencións ás obras de rehabilitación para os supostos establecidos no art. 93 da Ordenanza Municipal de Conservación e Rehabilitación de Inmobles:

“1. O Concello da Coruña subvencionará as obras de rehabilitación dos edificios e vivendas anteriormente descritas nas seguintes contías:

- 1) Nas obras necesarias para a conservación dos elementos comúns dos edificios que se sinalan no artigo 88 da presente ordenanza:
 - a) Nos inmobles con catalogación monumental, integral ou estrutural, o 50% do orzamento protexido, cun límite máximo de 5.000 € por vivenda
 - b) Nas obras necesarias para o soterramento do cableado exterior do inmovle, o 50% do orzamento cun límite máximo de 1.500 € por vivenda
 - c) Nas obras de instalación ou adaptación de ascensores á normativa vixente:
 - Cando no inmovle resida de maneira habitual algunha persoa que acredite unha minusvalía física que implique problemas graves de mobilidade, o 50% do orzamento protexido cun límite máximo de 5.000 € por vivenda
 - Cando non se dea dita circunstancia, o 30% do orzamento protexido cun límite máximo de 3.000 € por vivenda
 - d) Nas obras de mellora de eficiencia enerxética dos inmobles, o 30% do orzamento protexido cun límite máximo de 3.000 € por vivenda
 - e) No resto dos inmobles o 10% do orzamento protexido, cun límite máximo de 1.500 € por vivenda. Os solicitantes cuxos ingresos familiares anuais atópanse entre os límites establecidos no artigo 91.b), incrementarán esta porcentaxe cun 20% máis, cun límite máximo de 2.000 € por vivenda. No caso de vivendas unifamiliares, aplicarán o 30% do orzamento protexido cun límite máximo de 3.000 €, sen que poidan incrementar esta porcentaxe por razón de ingresos familiares anuais

2) Nas obras necesarias para a conservación da habitabilidade das vivendas nos seus elementos privativos:

- a) O 20% do orzamento protexido aos solicitantes cuxos ingresos familiares anuais non excedan o establecido no art. 91.b), cun máximo de 2.400 € por vivenda

- b) O 40% do orzamento protexido, cun máximo de 4.800 € por vivenda, aos solicitantes cuxos ingresos familiares anuais non excedan de 2 veces o IPREM. Este límite incrementarase nun punto por cada fillo menor de vinte e cinco anos, ou por ascendentes maiores de 65 anos que convivan no domicilio familiar, computándose, no seu caso, os ingresos achegados polos mesmos. No caso de que convivan no domicilio persoas con declaración de incapacidade que implique dependencia, o límite incrementarase en dous puntos por cada unha delas, computándose tamén, no seu caso, os ingresos achegados.

3) Nas obras de adecuación de locais, o 25% do orzamento protexido, cun límite máximo de 6.500 € por local.

2. As obras para as que se solicite subvención incluíranse nos apartados anteriores en función da actuación que sexa dominante polo seu importe.”

3.- Actuacións subvencionables e conceptos incluídos.

As actuacións subvencionables son as que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 88 da Ordenanza Municipal de Conservación e Rehabilitación de Inmobles, e aquelas que cumprindo cos requisitos legais necesarios, no seu caso, fosen iniciadas no período comprendido entre o 1 de xuño de 2015 e o día anterior á data de apertura da presente convocatoria sempre que se acredite fehacientemente o estado do inmovible antes do seu inicio e a imposibilidade de solicitar as subvencións por atoparse o prazo pechado. Dita acreditación poderá consistir en acta notarial ou documento técnico asinado por facultativo que describa o inmovible antes do inicio das obras, data de inicio e documento gráfico; con todo, poderá acreditarse por calquera outro medio que se considere válido en dereito.

Ademais do custo de execución das obras, a subvención poderá incluír os honorarios dos profesionais relacionados coa devandita execución, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos (non se inclúe o Informe de Avaliación de Edificios –IEE- ou Inspección Técnica de Edificios –ITE-) e certificados necesarios, así como os tributos que se devenguen coa realización das obras, sempre que non sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

3.- Bases reguladoras.

As bases reguladoras das axudas á rehabilitación de vivenda e edificios están incluídas nos artigos 84 a 110 da Ordenanza Municipal de Conservación e Rehabilitación de Inmobles, aprobada definitivamente polo Pleno deste Concello na súa sesión de 10 de novembro de 2011 (BOP núm. 226 de 28 de novembro de 2011), incluíndo a súa última modificación aprobada inicialmente polo devandito órgano plenario na súa sesión de 2 de novembro de 2016 e elevado a definitivo o acordo por non presentarse alegacións (BOP núm. 18 de 26 de xaneiro de 2017).

As axudas outorgaranse ao amparo do disposto no artigo 93 da citada ordenanza municipal.

4.- Contía.

O importe inicial destinado ao financiamento integramente municipal destas axudas fíxase en 1.860.000,00.- €, dos que 770.000,00.- € serán con cargo á aplicación orzamentaria 30.1522.78001 do orzamento municipal prorrogado en vigor, e a cantidade restante por importe de 1.090.000,00.- € imputarase á aplicación orzamentaria 30.1522.78004 do citado orzamento. Aplicarase á concesión destas axudas calquera incremento das devanditas aplicacións no exercicio 2017 como consecuencia dunha xeración, unha ampliación ou unha incorporación de crédito.

Igualmente poderase aplicar a esta convocatoria o crédito dispoñible nas devanditas aplicacións unha vez que entre en vigor o orzamento definitivo de 2017, en cuxa aprobación inicial constan créditos iniciais por importe de 1.200.000,00.-€ na aplicación 30.1522.78001 e de 1.450.000,00.-€ na aplicación 30.1522.78004.

5.- Réxime.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva.

As solicitudes valoraranse de acordo co establecido na Ordenanza de Conservación e Rehabilitación de Inmobles do Concello da Coruña, e deberán cumprir todos os requisitos establecidos na devandita ordenanza, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as disposicións do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da mesma.

6.- Medios e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude xunto coa documentación requirida presentarase por calquera medio previsto nos arts. 14 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será dun MES e comezará a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, debendo presentarse segundo o modelo oficial publicado na páxina web do concello (www.coruna.es/vivienda) e na sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gob.es>), acompañado da documentación indicada no mesmo, e que se detalla a continuación:

Documentación

Obras en elementos comúns:

- CIF da comunidade de propietarios;
- Certificación do acordo da comunidade de propietarios polo que se autorizan as obras, elección do orzamento e presentación da solicitude de subvención;
- Memoria e orzamento desagregado por partidas, medicións e prezos unitarios das obras para as que se solicita subvención;
- Autorización para a consulta de datos fiscais ou certificado de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias fronte á Axencia Tributaria, Seguridade Social e coa Entidade Local;
- Declaración responsable sobre destino e ocupación do inmovible;
- Declaración responsable do cumprimento do establecido no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións;
- Informe de avaliación de edificios nos termos establecidos por lei;
- No caso de que se considere oportuno:
 - Presentación de fotografías exteriores do edificio e das zonas para rehabilitar;
 - Acreditación da propiedade das fincas que integran o inmovible naqueles casos nos que non coincida o propietario co titular catastral.
- Aquelas persoas que soliciten subvención adicional deberán presentar:
 - Declaración responsable da composición da unidade familiar e número de conta (IBAN) a nome do solicitante;
 - Fotocopia da declaración de IRPF das persoas membras que forman a unidade familiar.

Obras en elementos privativos:

- No caso de que o solicitante sexa persoa distinta do propietario, o ocupante debe presentar autorización do propietario para a realización das obras;
- Memoria e orzamento desagregado por partidas, medicións e prezos unitarios das obras para as que se solicita subvención;
- Autorización para a consulta de datos fiscais ou certificado de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias fronte á Axencia Tributaria, Seguridade Social e coa Entidade Local;
- Declaración responsable sobre destino e ocupación do inmovible;

- Declaración responsable do cumprimento do establecido no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións;
- Informe de avaliación de edificios nos termos establecidos por lei;
- Declaración responsable da composición da unidade familiar;
- Fotocopia da declaración de IRPF das persoas membras que forman a unidade familiar;
- No caso de que se considere oportuno:
 - Presentación de fotografías das zonas para rehabilitar;
 - Acreditación da propiedade da vivenda naqueles casos nos que non coincida o propietario co titular catastral.

Obras en locais comerciais situados en áreas de rehabilitación declaradas:

- No caso de que o solicitante sexa persoa distinta do propietario, o ocupante debe presentar autorización do propietario para a realización das obras;
- Memoria e orzamento desagregado por partidas, medicións e prezos unitarios das obras para as que se solicita subvención;
- Autorización para a consulta de datos fiscais ou certificado de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias fronte á Axencia Tributaria, Seguridade Social e coa Entidade Local;
- Declaración responsable do cumprimento do establecido no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións;
- Declaración responsable sobre a actividade que se vai a realizar no local na que se xustifique a súa contribución ao desenvolvemento económico e social de área de rehabilitación declarada;
- Informe de avaliación de edificios nos termos establecidos por lei;
- No caso de que se considere oportuno:
 - Presentación de fotografías das zonas para rehabilitar;
 - Acreditación da propiedade do local naqueles casos nos que non coincida o propietario co titular catastral.

7.- Outros datos de interese.

a) Compatibilidade das axudas.

As axudas municipais á rehabilitación son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, coa limitación de que a suma de todas as axudas económicas directas obtidas non poderá ser superior ao custo total das obras.

b) Prazo de execución das obras e de xustificación da subvención.

O prazo de execución das obras indicárase na resolución inicial da subvención e non poderá ser superior a un ano, podendo prorrogarse este prazo como máximo seis meses, no caso de que a importancia das obras ou circunstancias sobrevindas así o xustificasen, sendo a data límite de xustificación da execución da obra o prazo de dous meses desde a súa finalización.

O prazo para xustificar a subvención será ata o 31 de outubro de 2018, aínda que este prazo poderá prorrogarse debidamente motivado por razóns de atraso na obtención da licenza non imputable á persoa solicitante da subvención. Con todo, o abono das axudas queda condicionado á incorporación do remanente no exercicio 2018.

c) Ordenación de expedientes.

Os expedientes aprobados ordenaranse segundo o disposto no artigo 99 da ordenanza reguladora. No caso de empate, os expedientes ordenaranse pola súa data e número de entrada no Rexistro Municipal coa documentación completa.

Se o montante total das subvencións aprobadas fose superior aos créditos dispoñibles, confeccionarase unha lista de espera cos expedientes que reúnan todos os requisitos para a súa aprobación que manterá a súa vixencia durante tres anos desde a súa publicación. Transcorrido este prazo, a solicitude entenderase caducada de acordo co disposto no artigo 100 da ordenanza.

Segundo o establecido no artigo 58.2 do Real Decreto 887/2006, utilizarase para a resolución dos devanditos expedientes os incrementos do importe do crédito orzamentario dispoñible con esta finalidade, como consecuencia de xeracións, ampliacións ou incorporacións de crédito.

Aplicarase ao crédito desta convocatoria a lista de espera elaborada coas solicitudes presentadas na convocatoria anterior cuxo prazo finalizou o 1 de xuño de 2015, tendo dita lista preferencia na resolución da subvención, e sen necesidade de cursar nova solicitude.

d) Competencia.

En función do importe da subvención que se conceda, o órgano competente para a instrución e a resolución do procedemento é a Xunta de Goberno Local ou o Tenente de Alcalde responsable da área de Rexeneración urbana, dereito á vivenda e mobilidade sostible, por delegación da Xunta de Goberno Local, de conformidade cos acordos de delegación adoptados na súa sesión de 19 de xuño de 2015 (BOP núm. 125 de 6 de xullo de 2015) e en sesión de 15 de xullo de 2016 (BOP núm. 139 de 22 de xullo de 2016).

e) Notificacións.

As notificacións efectuadas no procedemento de concesión de subvención realizaranse mediante publicación no taboleiro de anuncios da Oficina Municipal de Rehabilitación e Vivenda situada no Centro Comercial "Los Cantones Village" (Avda. do Porto, 3), segundo o establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

f) Forma de pago.

Comprobada a correcta execución das obras, resolverase definitivamente o expediente concedéndose a subvención sobre o importe dos pagos, acreditados mediante as facturas entregadas, polas obras aprobadas na resolución inicial. O importe da subvención non poderá ser superior ao establecido na resolución inicial.

Con todo, poderanse realizar pagos anticipados ou abonos a conta do importe da subvención nos termos previstos no art. 107 da ordenanza reguladora.

A Coruña, 20 de marzo de 2017

O Tenente de Alcalde responsable da área de
Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

Xiao Varela Gómez